

RESUMO DAS PRINCIPAIS NOVIDADES LEXISLATIVAS EN MATERIA DE EMPREGO DO SECTOR PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- [1. Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.](#)
- [2. Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.](#)
- [3. Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.](#)

Compendio sobre:

Complementos e trienios
Conciliación
Concurso de traslados
Contratación de persoal
Excedencias

Flexibilidade horaria
Formación
Gasto de persoal
Igualdade
Oferta de emprego público

Permisos e licenzas
Procesos selectivos
Servicio de extinción de incendios
Transparencia
Traslados

por ti, contigo

1. Orzamentos xerais Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia para o ano 2021

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, establece a evolución da masa salarial en función do que regule a normativa básica do Estado.

Para o ano 2021 só se poderá proceder, no sector público, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e aos requisitos establecidos na normativa básica estatal.

No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de persoal funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión.

1.1. Bases da actividade económico en materia de gastos de persoal

Artigo 11. Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal

Dous. No ano 2021 **as retribucións do persoal** ao servizo do sector público autonómico non poderán experimentar un incremento global superior ao 0,9 por cento con respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2020, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

Así mesmo, conforme a normativa básica, **os gastos de acción social**, en termos globais, non poderán experimentar ningún incremento verbo do ano anterior. A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado, cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades como consecuencia de circunstancias persoais dos traballadores e das traballadoras.

Tres. Os **acordos, convenios ou pactos** que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados no punto anterior deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. En todo caso, **suspéndese** a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos superiores aos

fixados no punto anterior para o ano 2021, sen prexuízo dos acordos autorizados polo Consello da Xunta de Galicia durante os anos 2017 a 2020.

Ademais, **mantense a suspensión** da aplicación do punto décimo oitavo do Texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Catro. O disposto nos puntos precedentes entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos seus obxectivos.

Cinco. As referencias relativas ás retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a **retribucións íntegras**.

Seis. As referencias contidas na normativa vixente relativas a **haberes líquidos**, para os efectos do cálculo de **anticipos reintegrables** ao persoal funcionario, entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciba este nos seus importes líquidos.

1.2. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar

Artigo 12. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal

Un. Durante o ano 2021 só se poderá proceder no sector público delimitado no artigo anterior, e no marco do disposto ao respecto na lexislación básica estatal, á **incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular no referente á taxa de reposición de efectivos**, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

Dous. Para dar cumprimento aos obxectivos sobre a **estabilización do persoal** no emprego público, dentro dos acordos asinados pola Administración xeral do Estado e pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, aplicaranse as disposicións que se establezan na normativa básica do Estado.

Tres. Para a aplicación do disposto neste artigo, a oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal adaptárase aos límites e aos restantes requisitos que se establezan na normativa básica estatal.

Catro. Durante o ano 2021 a **cobertura** de postos de persoal nalgunha das **entidades do sector público autonómico incluídas no artigo 45.a) da Lei 16/2010**, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, estará suxeita ás limitacións e aos requisitos establecidos na normativa básica.

Co obxecto de posibilitar a adecuada optimización dos recursos humanos existentes no sector público autonómico e conforme dispón a normativa básica, as mencionadas entidades instrumentais do sector público autonómico **poderán efectuar a cobertura de postos con persoal funcionario de carreira** con destino nas consellarías ou nos organismos públicos do sector público autonómico que dispoña da titulación requirida para o desempeño do posto, garantindo en

todo caso a publicidade e libre concorrència. Esta mobilidade xerará o dereito a seguir percibindo e consolidando, desde a data da toma de posesión no ente, o complemento de antigüidade e a retribución adicional ao complemento de destino na mesma contía que se viña percibindo ou que se teña dereito a percibir no posto de procedencia, así como o cumprimento dos requirimentos e das prescricións contidas nos artigos 58 e 59 da citada lei.

A dita **adscripción** terá unha duración de **dous anos prorrogables**, será voluntaria e a persoa funcionaria continuará en activo no seu posto de orixe.

Cinco. A oferta de emprego público, no ámbito a que se refiren as alíneas b), c), d), f), g), h) e i) do artigo 11.un desta lei, aprobará o Consello da Xunta de Galicia, por proposta do centro directivo competente en materia de función pública ou, se é o caso, das consellarías competentes na materia, e co informe favorable da dirección xeral competente en materia de orzamentos.

Seis. Durante o ano 2021 **non se procederá no sector público da Comunidade Autónoma delimitado no artigo anterior á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de funcionarios interinos, agás** en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, ás funcións e ás categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

No ámbito a que se refiren as alíneas b), c), d), f), g), h) e i) do artigo 11.un desta lei será precisa a previa e expresa autorización das direccións xerais competentes en materia de función pública e orzamentos, sen prexuízo do establecido nos artigos seguintes. Para estes efectos, o departamento ou a entidade solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a cobertura do posto non se pode realizar mediante outro sistema e de que resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo.

1.3. Contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino

Artigo 13. Contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino no ámbito da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos e axencias públicas

Un. Durante o ano 2021, no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.un desta lei, poderán proverse, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire o punto seis do artigo 12 desta lei, **en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables** que non poidan ser atendidas mediante uns procesos de reestruturación dos efectivos existentes, postos vacantes mediante a contratación de persoal laboral temporal ou mediante o nomeamento de persoal funcionario interino dos seguintes **ámbitos**:

- a) Persoal docente, non docente e persoal laboral das categorías 65, 99 e 104 do grupo III, categorías 4 e 5 do grupo IV e categorías 1 e 11 do grupo V do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta, de centros docentes. Para estes efectos, enténdense como centros docentes aqueles que impartan ensinanzas orientadas á obtención de titulacións académicas de formación regrada.
- d) Persoal dos centros e das residencias de servizos sociais.
- e) Persoal adscrito ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais.

As devanditas contratacións e os correspondentes nomeamentos adecuaranse estritamente ás **necesidades do servizo**, e aquelas estarán sempre vinculadas á existencia dun posto de traballo vacante e dotado orzamentariamente.

As direccións xerais competentes remitirán á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, con periodicidade mensual, a relación de todas as contratacións de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino realizados con base nesta excepción. Xunto coa relación achegarase unha memoria explicativa que xustifique a necesidade urxente e inaprazable e o carácter imprescindible para o funcionamento do servizo.

Dous. Durante o ano 2021, no ámbito

determinado neste artigo, poderán atenderse os **excesos ou as acumulacións de tarefas** mediante a contratación temporal de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino sen adscrición a unha praza, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, e de acordo cos límites que se establecen na alínea a) do artigo 8.tres desta lei. O gasto derivado destas contratacións imputarase necesariamente aos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente».

Para estes efectos, o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa da actividade que motiva a contratación, que esta resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo e que non puido ser atendida coas dotacións de persoal existentes ou mediante uns procesos de reestruturación dos efectivos dispoñibles.

Tres. Durante o ano 2021, no ámbito determinado neste artigo, poderán acordarse as **substitucións transitorias**, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, sempre que non poidan ser atendidas mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes e dentro das limitacións orzamentarias previstas, e que, unha vez valorada polos responsables de xestión a duración prevista da devandita situación, resulten absolutamente imprescindibles para o funcionamento do servizo.

Esta autorización conxunta **non será necesaria nas seguintes substitucións**:

- a) Persoal docente, non docente e persoal laboral das categorías 65, 99 e 104 do grupo III, categorías 4 e 5 do grupo IV e categorías 1 e 11 do grupo V do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta, de centros docentes.

Para estes efectos, enténdense como centros docentes aqueles que impartan ensinanzas orientadas á obtención de titulacións académicas de formación regrada.

d) Persoal dos centros e das residencias de servizos sociais.

e) Persoal adscrito ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais.

f) Persoal veterinario que preste os seus servizos en matadoiros e lonxas ou nos servizos de Sanidade e Produción Animal dependentes das consellarías competentes en materia de medio rural e de mar.

g) Persoal administrativo que preste os seus servizos nas oficinas de rexistro unificadas da Administración da Comunidade Autónoma.

i) Persoal adscrito ao sistema integrado de Emerxencias e Protección Civil.

j) Persoal que se encontre en situación de permiso por parto, adopción ou acollemento ou permiso de paternidade, así como na situación de excedencia por coidado de familiares ou fillos ou fillas menores.

k) Persoal laboral de remuda substituto do xubilado parcial ou especial, independentemente da natureza xurídica do posto que este desempeñe.

Catro.

1. Durante o ano 2021, no ámbito determinado neste artigo, poderá efectuarse o nomeamento de **persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal**, segundo o previsto no artigo 23.2.c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cos seguintes requisitos:

a) O financiamento debe proceder ou ben de fondos da Unión Europea ou da Administración estatal, ou ben doutros ingresos con financiamento afectado.

b) O nomeamento non poderá ter unha duración superior á de execución do programa, que, en todo caso, non superará os tres anos previstos na normativa básica, ampliables ata doce meses máis de o xustificar a duración do correspondente programa.

2. Poderanse realizar **contratos de duración determinada por unha obra ou un servizo**

determinado para a execución de programas de actuación específica cando o servizo que constituía o seu obxecto deba ser desempeñado necesariamente por persoal pertencente a unha das categorías do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia e concorran, ademais, as seguintes circunstancias: a) Que o servizo teña autonomía e substantividade propia dentro da actividade laboral da consellaría ou do órgano encargado da execución do programa.

b) Que a execución do programa sexa de duración incerta, pero teña unha clara natureza temporal.

c) Que no contrato se especifique con precisión e claridade o obxecto do servizo que as persoas contratadas deban desempeñar.

d) O financiamento debe proceder de ingresos con financiamento afectado.

e) Xunto coa solicitude de autorización conxunta, acompañarase unha copia do instrumento mediante o que se aprobe o programa de actuación específica e unha proposta da cláusula específica do contrato de traballo que se pretenda formalizar, na cal se precise de forma clara e concreta o obxecto do contrato, previamente informada polos servizos xurídicos da consellaría ou do organismo, no que tamén se manifestará sobre a adecuación da modalidade contractual.

3. Non se poderá ocupar en ningún caso as persoas contratadas ao amparo da execución destes programas de carácter específico en tarefas distintas das que constituía o obxecto do programa nin por máis tempo do que requira a execución do programa.

4. Nin o persoal funcionario interino nin o persoal laboral contratado ao amparo destes programas (non) ocupará prazas da relación de postos de traballo, axustándose a súa selección e nomeamento ao procedemento establecido polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia ou norma que o substitúa.

5. Os nomeamentos ou as contratacións para a execución destes plans requirirán unha autorización conxunta dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública. Para estes efectos, deberase remitir unha memoria xustificativa e unha valoración económica.

Artigo 15. Contratación de persoal laboral de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos

Un. Durante o ano 2021, no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.un desta lei, así como nas entidades a que se refire a alínea 5 da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, **poderán formalizarse contratacións de persoal de carácter temporal para realizar obras ou servizos**, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras pola administración de acordo co disposto na lexislación de contratos do sector público, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.
- b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- c) Que pola natureza das obras ou dos servizos non poidan ser executados por persoal fixo.
- d) Que se refiran a obras e proxectos concretos.

Do cumprimento dos anteriores requisitos deberase deixar constancia no correspondente expediente de contratación.

Dous. Os **contratos** teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre os contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á existencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Tres. A realización destes contratos será obxecto de fiscalización previa nos casos en que esta resulte preceptiva, de conformidade co establecido nos artigos 94 ao 117 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. A

intervención delegada do departamento ou órgano equivalente certificará, despois da proposta fundamentada do xestor, que existe crédito adecuado e abondo na aplicación orzamentaria que corresponda, computado sempre na súa proxección anual.

Catro. **A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que pasen máis alá do devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual** que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 58 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco. O servizo xurídico do departamento ou organismo emitirá un informe sobre os contratos con carácter previo á súa formalización, e en especial pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades exixidos pola lexislación laboral.

Seis. Durante o ano 2021, no ámbito a que se refire o punto un, requirirán un informe favorable da dirección xeral competente en materia de avaliación e reforma administrativa e mais unha autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos as contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos e os contratos de persoal investigador de carácter laboral baixo algunha das modalidades específicas recollidas no artigo 20 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, así como baixo a modalidade de proxectos específicos de investigación científica e técnica consonte o artigo 15.1.a) do Estatuto dos traballadores.

Sete. O gasto xerado polas contratacións reguladas neste artigo, incluído o das suxeitas normativamente ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, así como do persoal temporal asociado a proxectos de investigación, imputarase ao concepto correspondente dos artigos 13 e 16 no programa e na consellaría ou organismo de que se trate, sen prexuízo de que se financie con cargo aos respectivos créditos de investimentos, para cuxos efectos poderán realizarse as modificacións de crédito correspondentes.

Artigo 16. Contratación de persoal temporal no ámbito das restantes entidades públicas instrumentais

Un. Durante o ano 2021, no ámbito a que se refiren as alíneas c), f), g), h) e i) do artigo 11.un desta lei, poderán realizarse, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire o punto seis do artigo 12 desta lei, **en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante uns procesos de reestruturación dos efectivos existentes, contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias** cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2021 nos seguintes ámbitos:

- a) Persoal que preste servizo nas unidades asistenciais das sociedades sanitarias e fundacións sanitarias.
- b) Persoal dos centros e das residencias de servizos sociais.

Dous. Durante o ano 2021, no ámbito determinado no punto un, poderanse realizar, con carácter excepcional, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que **a cobertura resulta absolutamente imprescindible e de que a necesidade non pode ser satisfeita mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes**, as seguintes contratacións:

- contratacións de persoal laboral temporal

na modalidade de obra ou servizo determinado

- contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de acumulación de tarefas.

Para estes efectos, deberase remitir unha memoria xustificativa da necesidade da contratación solicitada e da adecuación da modalidade contractual. Así mesmo, incluírase unha memoria económica en que se valoren todos os aspectos económicos da solicitude e da forma de financiamento.

Tres. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre os contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á exixencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Catro. Con periodicidade mensual deberase remitir á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos a información referida a todas as contratacións realizadas durante o período pola entidade, independentemente da modalidade contractual e da súa duración.

1.4. Medidas en relación ó persoal do Servizo de Incendios

Disposición adicional décimo primeira. Medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e co Acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais da Xunta de Galicia

Durante o ano 2021 quedará suspendida a aplicación do artigo 19 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Ademais, durante as épocas de perigo baixo, quedará suspendido o primeiro parágrafo do punto 3.3.8 do Acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia.

2. Lei 4/2021 de medidas administrativas

O capítulo I, do título II aborda diversas medidas en materia de emprego público.

Por unha parte, lévanse a cabo, ademais de modificacións puntuais de carácter organizativo, outras modificacións referidas, fundamentalmente, aos permisos do persoal empregado público, que teñen por obxecto adaptar a normativa autonómica aos últimos cambios que neste eido foron introducidos na normativa básica estatal

A disposición adicional primeira establece un complemento persoal de mantemento das retribucións en concepto de antigüidade aplicable ao persoal laboral fixo procedente das entidades instrumentais do sector público autonómico. A disposición adicional segunda prevé unha serie de medidas especiais que teñen por obxecto garantir a celebración de procesos selectivos e de provisión no contexto da covid-19.

2.1. Artigo 5. Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 9, que queda redactado como segue:

«Artigo 9. Persoal laboral

O persoal laboral ao servizo das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei réxese, ademais de pola lexislación laboral e polas normas convencionalmente aplicables, polos preceptos desta lei que así o dispoñan.

Non obstante, en materia de permisos de nacemento, adopción, do proxenitor diferente da nai biolóxica e lactación, o persoal laboral ao servizo das administracións públicas rexeráse polo previsto na presente lei, non sendo de aplicación a este persoal, polo tanto, as previsións da lexislación laboral sobre as suspensións dos contratos de traballo que, de ser o caso, corresponderían polos mesmos supostos de feito.»

Dous. Engádense as letras r), s) e t) ao número 2 do artigo 14, coa seguinte redacción:

«r) Exercer as competencias relativas á formación dos empregados públicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

s) Exercer as competencias relativas á inspección, a avaliación, a auditoría, o control e a mellora do funcionamento dos órganos, servizos e unidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

t) Vixiar o cumprimento da normativa vixente en materia de xornada, horario, permisos e licenzas do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.»

Tres. Suprímense as letras b), c) e d) do artigo 15.

Catro. Engádense o número 6 ao artigo 104, coa seguinte redacción:

«6. De conformidade coa lexislación básica estatal, para faceren efectivo o seu dereito á protección e á asistencia social integral, os funcionarios que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos, sempre que teñan a condición de funcionarios e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como os funcionarios

ameazados nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, cando a vacante sexa de necesaria cobertura ou, en caso contrario, dentro da comunidade autónoma. Aínda así, en tales supostos a Administración pública competente estará obrigada a comunicarlle as vacantes situadas na mesma localidade ou nas localidades que o interesado expresamente solicite.

Este traslado terá a consideración de traslado forzoso.

En todo caso, este dereito poderá ser exercitado en tanto resulte necesario para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente.

Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia terrorista protexeráse a intimidade das vítimas, en especial, os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.».

Cinco. Modifícanse os números 3, 4 e 5 do artigo 106, que quedan redactados como segue:

«3. As funcionarias vítimas de violencia de xénero teñen dereito á redución da xornada de traballo diario por horas completas e con diminución proporcional das súas retribucións na medida en que sexa necesario para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan procedentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.

No suposto enunciado no parágrafo anterior, a funcionaria manterá as súas retribucións íntegras cando reduza a súa xornada nun terzo ou menos.».

«4. De conformidade coa lexislación básica estatal, para facer efectivo o seu dereito á protección e á asistencia social integral, o persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade

terrorista, o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos, sempre que teñan a condición de persoal funcionario e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como o persoal funcionario ameazado nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que estableza a Administración competente en cada caso.

As ditas medidas serán adoptadas e mantidas no tempo en tanto que resulten necesarias para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente.

5. O persoal funcionario con fillos ou persoas acollidas menores de doce anos ao seu cargo ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas ten dereito á flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia nos termos que regulamentariamente se determinen.

Idéntico dereito terá o persoal funcionario que se encontre en proceso de nulidade, separación ou divorcio, desde a interposición da demanda xudicial ou desde a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses desde a devandita demanda ou solicitude.».

Seis. Engádese o número 6 ao artigo 106 coa seguinte redacción:

«6. Ademais de nos supostos regulados neste artigo, o persoal funcionario terá dereito á redución da súa xornada de traballo ou a outras adaptacións desta nos supostos e cos requisitos que regulamentariamente se establezan.».

Sete. Modifícase o artigo 112, que queda redactado como segue:

«Artigo 112. Permiso por lactación

1. Por lactación dun fillo menor de doce

meses, o persoal funcionario terá dereito a unha hora de ausencia do posto de traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá ser substituído por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.

O permiso recollido neste precepto constitúe un dereito individual dos funcionarios, sen que poida transferirse o seu

ruse gozar unicamente a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica respectivo, ou unha vez que, desde o nacemento do menor, transcorrese un tempo equivalente ao que comprenden os citados permisos.

4. Nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos.».

Oito. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 121, que quedan redactados como segue:

«2. A duración do permiso previsto neste artigo ampliarase nos casos e polos períodos que a seguir se determinan:

- a) Discapacidade do fillo ou filla, dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores.
- b) Partos múltiples, dúas semanas máis para cada fillo a partir do segundo, unha para cada un dos proxenitores.
- c) Partos prematuros e aqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, ata un máximo de trece semanas adicionais.

3. Caso de ambos os proxenitores traballaren e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de gozo deste permiso poderá levarse a cabo, á vontade daqueles, de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla faga os doce meses. No caso do gozo interrompido requirirase, para cada período de gozo, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.».

Novo. Modifícase o número 1 do artigo 121, que queda redactado como segue:

«1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas.».

Dez. Modifícanse os números 5 e 6 e engádense un número 7 no artigo 121, que quedan redactados como segue:

«5. No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

6. Do permiso previsto neste artigo pódese facer uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.

7. Durante o gozo deste permiso, unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio, poderase participar en cursos de formación que convoque a Administración.».

Once. Modifícase o artigo 122, que queda redactado como segue:

«Artigo 122. Permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento

1. Nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas. Seis semanas deberán gozarse a xornada completa de forma obrigatoria e ininterrompida inmediatamente despois da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.

2. A duración do permiso previsto neste artigo ampliarase nos casos e polos períodos que a seguir se determinan:

- a) Discapacidade do menor adoptado ou acollido, dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores.
- b) Adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple, dúas semanas máis por cada menor adoptado ou acollido a partir do segundo, unha para cada un dos proxenitores.

3. Caso de ambos os proxenitores traballaren

e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de gozo deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao feito causante ata que o fillo ou filla faga os doce meses. No caso do gozo interrompido requirirase, para cada período de gozo, preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

4. Do permiso previsto neste artigo pode facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.

5. Durante o gozo do permiso previsto neste artigo o persoal funcionario poderá participar nos cursos de formación que convoque a Administración pública.

6. Os supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, recollidos neste artigo son os que así se establezan na normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia, debendo ter o acollemento simple unha duración non inferior a un ano.».

Doce Modifícase o número 2 do artigo 123, que queda redactado como segue:

«2. Con independencia do previsto no número anterior, nos casos recollidos neste artigo, o permiso de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode iniciarse ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento.».

Trece. Modifícase o artigo 124, que queda redactado como segue:

«Artigo 124. Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla

1. Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de dezaseis semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán en todo caso de descanso obrigatorio.

Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo ou filla, e

por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples, do que se gozará a partir da data do nacemento, ou da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Este permiso poderá ser distribuído polo proxenitor que vaia gozar del, sempre que as seis primeiras semanas sexan ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, ou da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Caso de ambos os proxenitores traballaren e transcorridas as seis primeiras semanas, o período de gozo deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou filla faga os doce meses. No caso do gozo interrompido requirirase, para cada período de gozo, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

No caso de que se optase polo gozo do presente permiso con posterioridade á semana dezaseis do permiso por nacemento, se o proxenitor que goza deste último permiso solicitar a acumulación do tempo de lactación dun fillo menor de doce meses en xornadas completas do permiso regulado no artigo 112, será á finalización dese período cando se dará inicio ao cómputo das dez semanas restantes do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a seguir do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

Durante o gozo deste permiso, transcorridas as seis primeiras semanas ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

2. O permiso previsto neste artigo é independente do uso compartido do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.

3. O persoal funcionario que estea a gozar do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode facer uso do permiso previsto neste artigo inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel nos seguintes supostos:

- a) Se a persoa titular do dereito faleceu antes da utilización íntegra do permiso.
- b) Se a filiación do outro proxenitor non está determinada.
- c) Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, se lle recoñece á persoa que estea a gozar del a garda do fillo ou da filla.

4. Do permiso previsto neste artigo pode facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.».

Catorce. Modifícanse os números 4 e 5 do artigo 132, que quedan coa seguinte redacción:

«4. Recoñécese o dereito á fixación dun período alternativo de vacacións nos casos de coincidencia do período ordinario de vacacións cos permisos por lactación, parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou doutro proxenitor por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento dun fillo.

5. Os permisos mencionados no número anterior, así como os períodos de incapacidade temporal, poden acumularse ás vacacións. Nestes casos, o dereito ás vacacións poderá exercerse mesmo despois do remate do ano natural a que estas correspondan.

Cando as situacións de permiso de maternidade, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan iniciar o gozo das vacacións dentro do ano natural a que correspondan, ou cando, unha vez iniciado o período de vacacións, sobreveña unha das devanditas situacións, o período de vacacións poderase gozar aínda que rematase o ano natural a que correspondan e sempre que non transcorresen máis de dezaioito meses a partir do final do ano en que se orixinaron.».

Quince. Engádese a letra f) ao artigo 172 coa seguinte redacción:

«f) Excedencia por razón de violencia terrorista.».

Dezaseis. Engádese un número 9 ao artigo 176, coa seguinte redacción:

«9. No caso de gozo desta excedencia polo período máximo de duración, o reingreso ao servizo activo solicitarase cun prazo de antelación dun mes respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia.».

Dezasete. Modifícase o número 1 do artigo 178, que queda redactado como segue:

«1. Finalizada a causa que determinou a declaración dunha situación de excedencia voluntaria das reguladas neste capítulo ou o prazo máximo de duración dela, o persoal funcionario de carreira está obrigado a solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo dun mes, agás no suposto previsto no artigo 176.9. Unha vez acordado o reingreso, está igualmente obrigado a tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o reingreso. O incumprimento destas obrigas determinará a declaración na situación de excedencia voluntaria por interese particular.».

Dezaioito. Engádese un artigo 177 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 177 bis. Excedencia por razón de violencia terrorista

De acordo coa lexislación básica estatal, o persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, así como o ameazado nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terá dereito a gozar dun período de excedencia nas mesmas condicións que as vítimas de violencia de xénero.

A dita excedencia será autorizada e mantida no tempo en tanto que resulte necesaria para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente.».

Dezanove. Engádese unha disposición adicional décimo quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. Valoración de determinados méritos

Poderá valorarse como mérito nas bases das respectivas convocatorias de concursos de traslados, promoción interna e de acceso aos graos do sistema transitorio previsto no número 4 da disposición transitoria oitava, e tamén como mérito para os efectos da confección das listas de contratación temporal, a prestación de servizos de forma presencial en postos de traballo dos centros residenciais ou sociosanitarios dependentes da consellaría competente en materia de política social, sempre que se trate de servizos prestados durante a situación de emerxencia sanitaria derivada da covid-19, nas seguintes categorías profesionais do sistema de clasificación profesional do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia: a categoría profesional 2 do grupo I; a categoría profesional 2 do grupo II; a categoría profesional 06 do grupo II; a categoría profesional 3 do grupo IV; a categoría profesional 4 do grupo IV; a categoría profesional 43 do grupo IV; a categoría profesional 44 do grupo IV; a categoría profesional 1 do grupo V e a categoría profesional 11, sempre que os servizos se prestasen durante a situación de emerxencia sanitaria derivada da covid-19, en postos de traballo dos centros residenciais ou sociosanitarios dependentes da consellaría competente en materia de política social.».

Vinte. Engádese un segundo parágrafo ao número 3 da disposición transitoria primeira coa seguinte redacción:

«O persoal laboral fixo que posúe a dita condición no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, e adquirise posteriormente outra categoría profesional como persoal laboral fixo polo procedemento de promoción interna, poderá participar no proceso a que se refire o parágrafo anterior desde esta última categoría profesional.».

Vinte e un. Engádese unha letra k) no número 1 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

«k) En relación coa consolidación do grao, o persoal funcionario de carreira na situación administrativa de servizos especiais, por cada

dous anos de servizos continuados, consolidará dous niveis superiores de grao persoal ao que posúe, sen que, en ningún caso, poida superar o nivel máximo que podería obter no seu corpo ou escala de pertenza.».

Vinte e dous. Engádese unha letra l) no número 1 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

«l) O persoal funcionario de carreira que pase a desempeñar un posto directivo nunha entidade instrumental do sector público autonómico superior en máis de dous niveis ao correspondente ao seu grao persoal, consolidará cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ao que posúe, sen que en ningún caso poida superar o correspondente ao do posto desempeñado.».

Vinte e tres. Modifícase o título e os apartados 1 e 2 da disposición adicional décimo cuarta, que quedan redactados como segue:

«Disposición adicional décimo cuarta. Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia e das distintas especialidades de bombeiros forestais das diferentes escalas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

1. A segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia e das distintas especialidades de bombeiros forestais das diferentes escalas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, que en todo caso será voluntaria, consistirá en pasar a realizar tarefas que non impliquen unha prestación directa de labores de extinción de incendios.

2. Poderá solicitar pasar á segunda actividade o persoal das anteriores escalas e especialidades que cumpra os requisitos que a seguir se indican:

- a) Ter feitos os 60 anos de idade.
- b) Ter desempeñado 25 anos de servizo nestas escalas ou especialidades.
- c) Formular a solicitude nos termos previstos regulamentariamente.».

2.2. Modificacións de disposicións en materia de igualdade

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue: Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Modifícase o número 4 do artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

«4. O persoal funcionario, nos termos que regulamentariamente se determinen, ten dereito á flexibilidade horaria da súa xornada de traballo por motivos de conciliación familiar cando se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter fillos ou fillas ou persoas acollidas menores de idade ou fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente ao seu cargo.
- b) Convivir con familiares que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten de asistencia ou ter ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- c) Seren vítimas de violencia de xénero as empregadas públicas.
- d) Atoparse en proceso de nulidade, separación ou divorcio, desde a interposición da demanda xudicial ou desde a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou solicitude.

Entenderase por flexibilidade horaria a realización da xornada de traballo nun horario diario de referencia fixado en cada caso pola Administración adaptado ás necesidades da persoa funcionaria. O horario diario de referencia fixarase salvagardando as necesidades do servizo e dentro do marco horario establecido pola Administración con carácter xeral».

Seis. O artigo 89 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 89. Permiso por lactación

1. A Administración pública galega reconece ao persoal ao seu servizo o dereito a unha hora de ausencia do posto de traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou nunha hora ao inicio ou

ao final da xornada, coa mesma finalidade.

O permiso recollido neste precepto constitúe un dereito individual do persoal, sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor, adoptante, gardador ou acolledor.

2. Nos supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, o dereito ao permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor non teña feitos os doce meses.

3. Poderase solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente. Esta modalidade poderase gozar unicamente a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica respectivo, ou unha vez que, desde o nacemento do menor, transcorrese un tempo equivalente ao que comprenden os citados permisos.

4. Nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos.».

Sete. O artigo 94 queda modificado como segue:

«Artigo 94. Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla

1. Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla, o persoal da Administración pública galega que non estea a gozar do permiso por parto, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de dezaseis semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán en todo caso de descanso obrigatorio.

Este permiso ampliarase en dúas semanas

máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo ou filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples, do que se gozará a partir da data do nacemento ou da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.

Este permiso poderá ser distribuído polo proxenitor que vaia gozar del sempre que as seis primeiras semanas sexan ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento ou da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.

No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas, o período de desfrute deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou filla faga os doce meses. No caso do desfrute interrompido requirirase, para cada período de desfrute, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

No caso de que se optase polo gozo do presente permiso con posterioridade á semana dezaseis do permiso por nacemento, se o proxenitor que desfruta deste último permiso solicitar a acumulación do tempo de lactación dun fillo menor de doce meses en xornadas completas do permiso regulado no artigo 112, será á finalización dese período cando se dará inicio ao cómputo das dez semanas restantes do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato

deba permanecer hospitalizado a seguir do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato estea hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

Durante o gozo deste permiso, transcorridas as seis primeiras semanas ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

2. O permiso previsto neste artigo é independente do uso compartido do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.

3. O persoal que estea a gozar do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode facer uso do permiso previsto neste artigo inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel nos seguintes supostos:

a) Cando a persoa titular do dereito falecese antes da utilización íntegra do permiso.

b) Se a filiación do outro proxenitor non está determinada.

c) Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, se lle recoñece á persoa que estea a gozar del a garda do fillo ou da filla.

4. Do permiso previsto neste artigo pode facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.».

2.3. Modificación la Lei de transparencia e bo goberno

Artigo 30. Modificación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Modifícase o número 5 do artigo 45 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que queda redactado como segue:

«5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberase pronunciar sobre a compatibilidade da actividade privada que se

vai realizar e deberállelo comunicar tanto á persoa afectada coma á entidade en que pretenda prestar os seus servizos. As resolucións que recoñezan a compatibilidade con actividade privada serán publicadas no Portal de transparencia e Goberno aberto.

A Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas será a competente para instruír o procedemento. Como trámite preceptivo,

deberá solicitar informe á consellaría ou organismo en que a persoa declarante cesase como alto cargo. O dito informe deberá ser emitido no prazo máximo de 10 días.

Cando a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas considere que a actividade privada que pretende desenvolver a persoa que ocupou o alto cargo vulnera o establecido nos números 1 e 3 deste artigo, comunicarllelo á

persoa interesada e á entidade na cal pretende prestar servizos, e concederlles un prazo máximo de dez días para que realicen as alegacións que xulguen oportunas ao respecto. Analizadas as alegacións, a Oficina propoñerlle á persoa titular do centro directivo competente en materia de función pública a resolución que proceda.».

2.4. Outras modificacións: complemento de antigüidade, procesos selectivos e listas de contratación

Disposición adicional primeira. Complemento persoal de mantemento das retribucións en concepto de antigüidade

O persoal laboral fixo procedente das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que, mediante o procedemento establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime xurídico aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia, que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, se integre como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia e que, en virtude do seu convenio colectivo de orixe, perciba en concepto de antigüidade unhas cantidades superiores ás establecidas polo mesmo concepto no Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, terá dereito a un

complemento adicional e independente do complemento persoal de integración establecido na disposición transitoria primeira do dito Decreto 129/2012, do 31 de maio. Este complemento consistirá na diferenza positiva entre a cantidade percibida por antigüidade no momento anterior á dita integración e a cantidade resultante de aplicar o establecido no número 5 do artigo 12 do devandito decreto.

Este complemento permanecerá coa mesma contía independentemente das variacións nos restantes conceptos retributivos e manterase incluso no caso de funcionarización deste persoal laboral integrado.

Disposición adicional segunda. Medidas especiais en materia de procesos selectivos ou de provisión derivadas da situación de emerxencia sanitaria

Entenderase que a situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da covid-19 constitúe unha causa de forza maior que xustifica, naqueles procesos selectivos ou de provisión que, pola dita causa, non poidan desenvolverse regularmente, e tanto se están convocados no momento da entrada en vigor desta lei como se son convocados con posterioridade, a adopción motivada pola persoa titular da consellaría competente en materia de función pública, educación ou sanidade, segundo o persoal de que se trate, entre outras, das seguintes medidas:

a) A ampliación dos distintos prazos de realización dos exercicios dos procesos selectivos ata que a situación derivada da pandemia permita un adecuado

desenvolvemento deles.

b) A realización dos exercicios dos procesos selectivos en distintas quendas, con distintos exercicios sobre o mesmo temario, así como a realización dos exercicios en distintas sedes, distribuíndose as persoas aspirantes da forma que determine o órgano convocante dos procesos, sempre que, en todo caso, quede garantido o respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso ao emprego público.

c) A fixación de datas alternativas para a realización de exercicios de procesos selectivos a persoas aspirantes que non poidan participar neles na data inicialmente sinalada por estaren cumprindo unha medida de illamento ou

en corentena que teñan prescrita por ser persoa infectada por covid-19 ou contacto estreito, debendo fixarse a data alternativa con garantías de non alteración do desenvolvemento normal do correspondente proceso selectivo.

d) A ampliación dos distintos prazos para a resolución dos procesos de provisión.

e) A posibilidade de alterar a orde de realización das probas dos procesos selectivos.

f) A adopción de calquera outra medida, debidamente xustificada, por proposta da autoridade sanitaria autonómica competente.

Disposición adicional terceira. Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino derivadas da situación de emerxencia sanitaria

Como consecuencia das circunstancias excepcionais ocasionadas pola declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia derivada da pandemia da covid-19, e para garantir a prestación de funcións relacionadas coa atención á dita emerxencia, adóptanse as seguintes medidas en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino:

No suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, ou, de ser o caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes ás indicadas, poderá solicitarse directamente do Servizo Público de Emprego, sen prexuízo dos demais procedementos establecidos, ou acudir opcionalmente á relación de penalizados da categoría profesional, corpo ou escala correspondente que solicitaron a reincorporación, ou aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estean publicadas as listas definitivas e lles corresponda ser admitidos, ou á relación de penalizados que non solicitaron a reincorporación.

Ademais, en postos pertencentes á categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3), poderase acudir a persoal doutras listas de contratación temporal do grupo IV que estean en posesión do título de formación profesional de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente.

Excepcionalmente, no caso de que non for posible a cobertura de postos da categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3)

polos procedementos previstos nos parágrafos anteriores, poderán seleccionarse candidatos que teñan cursados e superados os estudos correspondentes para a obtención do título de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente, e o acrediten documentalmente, sempre que cumpran o resto dos requisitos exixidos para o acceso á categoría.

2. Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II, e 3 do grupo IV, ou para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, non existan candidatos que estean en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos exixidos para o acceso á categoría de que se trate.

3. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia terá unha duración de seis meses.

4. A solicitude de reincorporación formulada polas persoas integrantes das listas que solicitasen previamente a suspensión das citacións, por non estaren prestando servizos a través delas, producirá efectos ao día seguinte ao da súa presentación.

5. O establecido nesta disposición ten vixencia limitada á duración da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

3. **Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia**

Esta lei recolle no seu título preliminar ó ámbito de aplicación a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público.

Tamén recolle medidas en materia de formación nesta materia para os empregados públicos.

No Capítulo III do Título II falase da conciliación da vida familiar, laboral e persoal no sector público.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Esta lei é aplicable á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Artigo 26. Formación do persoal ao servizo do sector público autonómico en materia demográfica

A Administración autonómica impulsará a formación do persoal do sector público autonómico en materia demográfica, considerándoa un contido transversal de cara á súa promoción profesional. Para estes efectos, os órganos e as entidades do sector público autonómico con competencia en materia de formación do dito persoal elaborarán programas de formación específicos.

CAPÍTULO III: Conciliación da vida familiar, laboral e persoal

Sección 3ª. Conciliación no sector público

Artigo 51. Desenvolvemento profesional

1. O sector público autonómico garantizará, no ámbito das súas competencias, que a maternidade e a paternidade e o coidado de persoas dependentes non sexan obstáculo para o desenvolvemento profesional en igualdade de condicións.

2. Con esta finalidade, as condicións que estableza o sector público autonómico en materia de promoción profesional, provisión, selección e contratación de persoal, así como nas convocatorias públicas da súa competencia con incidencia nestas materias, deseñaranse de modo que se evite toda discriminación directa ou indirecta. Para estes efectos, estableceranse as diferenzas de trato que sexan obxectivamente precisas para garantir a igualdade de condicións no desenvolvemento profesional.

3. En particular, nos procesos e nas convocatorias citados no número anterior, deberanse establecer condicións que impidan

que o tempo de inactividade profesional por situacións de risco durante o embarazo, maternidade ou paternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e excedencia por coidado de fillo ou filla ou familiar supoña unha penalización, prexuízo ou demérito. Para estes efectos, poderá estenderse nestes casos o período temporal de valoración a períodos anteriores para que a dita valoración se poida efectuar en condicións de igualdade.

Artigo 52. Impulso da flexibilidade

1. A Administración autonómica promoverá a ampliación da posibilidade de acollerse á flexibilidade horaria a todo o persoal do sector público autonómico que se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter fillos ou fillas ou persoas acollidas menores de idade ou fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente ao seu cargo.

b) Convivir con familiares que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten de asistencia ou ter ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

c) Seren vítimas de violencia de xénero as empregadas públicas.

2. Así mesmo, fomentará e estenderá o uso de medidas de flexibilidade espacial tales como a mobilidade xeográfica ou de área, así como a utilización de tecnoloxías que permitan a conciliación e, nomeadamente, a fórmula do teletraballo.

Artigo 53. Bolsa de horas de libre disposición

1. A Administración autonómica establecerá unha bolsa de horas de libre disposición dirixida á atención de responsabilidades de coidado de fillos ou fillas menores de idade, persoas maiores a cargo e que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas e persoas con

discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, nos termos que en cada caso se determinen, logo da negociación coa representación do persoal.

2. Esta bolsa de horas tamén poderá establecerse para a súa utilización nos seguintes supostos:

- a) Persoal empregado público con fillas ou fillos maiores incapacitados xudicialmente.
- b) Mulleres que se atopen nunha situación de violencia de xénero.
- c) Persoal empregado público que se atope nun proceso de nulidade, separación ou divorcio desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, de ser o caso, desde a citada solicitude.

3. Esta bolsa será de flexibilidade horaria e en ningún caso substituirá os permisos nin as licenzas por motivos de conciliación existentes.

4. A Administración, logo da negociación coa representación do persoal, levará a cabo a implantación e xestión da flexibilidade horaria prevista neste artigo e promoverá as medidas oportunas para que o exercicio do dereito non cause prexuízo aos dereitos do resto de persoal empregado público.

Artigo 54. Recursos de conciliación

A Administración autonómica avanzará na implantación de servizos de conciliación nos seus principais centros de traballo e promoverá a dotación destes recursos no resto das administracións públicas de Galicia.

3.1. Modificacións de disposicións en materia de igualdade

Artigo 27. Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 67, que queda redactado como segue:

«4. No sector público autonómico, nos supostos de utilización dunha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, valoraranse especificamente as medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recollidas no Plan de igualdade nos termos previstos no artigo 57 da Lei de impulso demográfico de Galicia».

Dous. Suprimese a letra c) do artigo 75.

Tres. Modifícase o artigo 92, que queda redactado como segue:

«1. O persoal ao servizo da Administración pública galega, nos termos que regulamentariamente se determinen, ten dereito á flexibilidade horaria da súa xornada de traballo por motivos de conciliación familiar cando se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter fillos ou fillas ou persoas acollidas menores de idade ou fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente ao seu cargo.

b) Convivir con familiares que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten de asistencia ou ter ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

c) Seren vítimas de violencia de xénero as empregadas públicas.

d) Atoparse en proceso de nulidade, separación ou divorcio, desde a interposición da demanda xudicial ou desde a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou solicitude.

2. Entenderase por flexibilidade horaria a realización da xornada de traballo nun horario diario de referencia fixado en cada caso pola Administración adaptado ás necesidades da persoa empregada pública. O horario diario de referencia fixarase salvagardando as necesidades do servizo e dentro do marco horario establecido pola Administración con carácter xeral».

3.2. Modificacións de disposicións en materia de emprego público

Artigo 27. Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro

Modifícase o número 4 do artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

«4. O persoal funcionario, nos termos que regulamentariamente se determinen, ten dereito á flexibilidade horaria da súa xornada de traballo por motivos de conciliación familiar cando se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter fillos ou fillas ou persoas acollidas menores de idade ou fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente ao seu cargo.
- b) Convivir con familiares que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten de asistencia ou ter ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de

consanguinidade ou afinidade.

c) Seren vítimas de violencia de xénero as empregadas públicas.

d) Atoparse en proceso de nulidade, separación ou divorcio, desde a interposición da demanda xudicial ou desde a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou solicitude.

Entenderase por flexibilidade horaria a realización da xornada de traballo nun horario diario de referencia fixado en cada caso pola Administración adaptado ás necesidades da persoa funcionaria. O horario diario de referencia fixarase salvagardando as necesidades do servizo e dentro do marco horario establecido pola Administración con carácter xeral».

por ti, contigo